

SITUACIÓN LABORAL DAS MULLERES EN GALIZA (ANO 2017)



Gabinete Técnico Confederal

Neste 8 de Marzo a CIG convoca unha folga de mulleres en Galiza, no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas condicións de traballo, na esfera social e o dereito a vivir sen violencia.

Son moitos os tipos de discriminacións existentes na nosa sociedade, presentes en todos os ámbitos. Nós, como sindicato, loitamos activamente durante todo o ano pola eliminación de todo tipo de discriminacións por razóns de xénero no ámbito laboral. Cada ano, nestas datas, cando realizamos este informe, e topamos coa realidade de que os condicións de traballo entre homes e mulleres seguen sendo moi diferentes -sendo as mulleres as alarmantemente prexudicadas nesta diferenza-, reafirmarnos na nosa loita e na necesidade da folga convocada para este ano.

Referímonos ás taxas de actividade ocupación e paro, onde a importante perda de poboación activa e o maior descenso da ocupación masculina, xunto coa emigración, fixeron que estas taxas se fosen acercando entrambos os sexos.

Referímonos ás xornadas parciais, que a pesar de que entre a poboación masculina continúan sendo apenas testemuñais, aumentaron durante este período.

Referímonos á contratación temporal, xa que ao ser durante este período practicamente a única utilizada no mercado de traballo, tamén reduciu a distancia entre as taxas e de temporalidade de homes e mulleres.

Referímonos á alta rotación e escasa duración dos contratos rexistrados, que se incrementou exponencialmente durante este período en ambos os sexos, etc.

Todos os indicadores descritos anteriormente son cuantificábeis, mais hai outro efecto directo da crise que foi a caída da recadación orzamentaria, derivada da caída da actividade económica e do emprego. A pesar de que os gobernos poidan recorrer ao endebedamento, produciuse unha desaceleración dos ingresos e polo tanto dos gastos. Esta caída dos gastos afectou a programas que teñen especial relevancia no emprego feminino e na situación da muller, como son, entre outros, todos os relacionados cos servizos sociais e o desenvolvemento do estado de benestar, e non debemos esquecer que todo o que deixa de proporcionar o estado acaban por asumilo as mulleres con maiores cantidades de traballo.

Son, polo tanto, moitas as razóns que xustifican esta folga desde o punto de vista estritamente laboral; se xa entramos no plano social, os motivos multiplícanse.

Unha das discriminacións máis visíbeis entre sexos é a fenda salarial. De media, as mulleres percibiron un 22,3% de ingresos menos que os homes no ano 2016 en

Galiza, un trato privilexiado que o mercado laboral ofrece aos homes e que ten causas diversas e complexas algunhas, pero non por iso se debe de deixar de combater con especial virulencia. A feminización de empregos máis precarios e con salarios máis baixos, complementos discrecionais, acceso minoritario de mulleres a postos de alta responsabilidade, maior presenza dos contratos a tempo parcial nas mulleres, etc., levan a esta desigualdade.

A fenda salarial é do 22,3% en Galiza

Segundo os datos da Axencia Tributaria, durante o ano 2016, a fenda salarial entre homes e mulleres situouse no 22,3% en Galiza, dúas décimas máis que o ano anterior. A evolución desde o ano 2008 foi como segue:

fenda salarial	
2008	25,5%
2009	23,1%
2010	23,0%
2011	23,1%
2012	23,3%
2013	22,4%
2014	21,9%
2015	22,1%
2016	22,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

Nun primeiro momento da crise, destrúese principalmente emprego masculino. Tratábase de postos de traballo da construción e da industria cunha remuneración aceptábel, co cal, na medida en que estes se ían reducindo, disminuía a fenda salarial. De feito, reduciuse en máis de 3 puntos en apenas un ano.

En menor medida, foise reducindo ano tras ano ata o 2014. No ano 2015, cando comeza a creación neta de emprego, volve incrementarse a fenda salarial; e xa leva 3 anos medrando, 2 décimas neste último ano como dixemos anteriormente. Tras varios anos nos que se recortaran as distancias, a recuperación económica dá marcha atrás ao obxectivo de acadar esta igualdade.

Son moitos os factores que fan que a final de ano cobren máis os homes que as mulleres. A discriminación directa é perseguida e máis doadamente recoñecíbel, pero hai outras indirectas que fan que esta situación se manteña e incluso se incrementa: aínda que un homes e unha muller teñen o mesmo salario base, os complementos a ese soldo moitas veces son discriminatorios; máis presenza de

mulleres en ocupacións a xornada parcial, onde na maioría dos casos inflúen factores asociados á maternidade, conciliación da vida persoal e familiar; existen empregos feminizados e polo tanto peor pagos (o exemplo máis usado é entre camareiras de piso (feminizado e peor pago) e camareiros de sala); ramas de actividade feminizadas e polo tanto moito peor pagas, etc.

Este último factor, ramas de actividade feminizadas, podémolo ilustrar con datos.

Asalariadas e asalariados, Salario Medio Anual (SMA) segundo sexo. Ano 2016.

	Homes		Mulleres		diferenza	Fenda salarial
	Asalariados	SMA	Asalariadas	SMA		
Galiza						
Total sectores	534.563	20.243	477.215	15.730	-4.513	22,3%
Agricultura	20.958	15.159	4.840	10.560	-4.599	30,3%
Ind extractiva, enerxía e auga	9.488	29.207	2.001	21.560	-7.647	26,2%
Industria	87.634	22.861	40.427	16.077	-6.784	29,7%
Construción	64.804	17.180	11.282	15.767	-1.413	8,2%
Comercio e transporte	124.170	19.494	98.640	13.985	-5.509	28,3%
Información e comunicacións	12.116	25.316	7.262	19.056	-6.260	24,7%
Ent financeiras e aseguradoras	11.268	37.484	11.036	26.451	-11.033	29,4%
Servizos ás empresas	57.356	16.726	69.423	11.850	-4.876	29,2%
Servizos sociais	97.883	25.406	160.683	21.208	-4.198	16,5%
Outros servizos persoais e de lecer	48.885	10.512	71.621	7.600	-2.912	27,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

A discriminación salarial é xeneralizada en todas as ramas de actividade, aínda que con fortes diferenzas entre estas. De media, son 4.513 euros menos os que ingresa unha muller con respecto a un home.

A escasa presenza de mulleres na construción, e as que están maioritariamente en traballos de oficina, fan que neste sector sexa onde se rexistra a menor fenda

salarial, concretamente as mulleres cobran un 8,2% menos que os homes, o que equivale a 1.413 euros anuais.

A segunda rama de actividade con menor fenda correspóndese coa de servizos sociais, un 16,5%. A Axencia Tributaria inclúe nela: sanidade, educación e persoal da administración pública. O 62% das persoas ocupadas nesta rama de actividade son mulleres, De feito, é a rama de actividade máis feminizada e a que ocupa a maior porcentaxe de mulleres, concretamente o 33,5% das mulleres traballadoras en Galiza. É persoal maioritariamente funcionario, polo que as condicións salariais son máis homoxéneas. Aínda así, a diferenza retributiva é dun 16,5%, excesivamente elevada, e denota a maior presenza de homes nos cargos de dirección, outro factor de discriminación moitas veces denunciado, e que neste caso queda claramente en evidencia. A diferenza de xénero acada aquí os 4.198 euros ao ano.

As outras dúas ramas de actividade onde a presenza feminina supera o 50% son servizos ás empresas e outros servizos persoais e de lecer. Nestes casos a fenda é do 29,2% e 27,7% respectivamente, moi superior á media. Ademais son as dúas ramas onde o salario medio anual é máis baixo e onde medrou o emprego desde o ano 2008.

Na rama de actividade de menores ingresos foi onde máis medrou a ocupación feminina. Servizos persoais e de lecer

No que atinxe a outros servizos persoais e de lecer, o SMA foi de 7.600 euros anuais en 2016, como vemos inferior ao Salario Mínimo Interprofesional. Esta rama de actividade ocupa o 15% de todas as mulleres traballadoras galegas e foi na que máis medrou a ocupación desde o ano 2008, concretamente un 15%, cando de media hai un 0,5% asalariadas menos.

No resto das ramas de actividade a diferenza salarial supera o 25% en todos os casos.

Se desta clasificación deixamos a un lado o persoal da administración pública, estaríamos falando, probabelmente, dunha fenda salarial media superior ao 27%, e non o 22,4% que é neste momento.

Xunto ás diferenzas coas retribucións dos homes, perviven fortes desigualdades salariais entre as propias mulleres. Novamente imos utilizar os datos que nos proporciona a Axencia Tributaria.

Os ingresos salariais das mulleres en Galiza perderon un 9,3% de poder adquisitivo desde o ano 2009.

Asalariadas segundo tramo de ingreso.

	Asalariadas			Salario medio anual			Variación 16/09	
	2009	2015	2016	2009	2015	2016	Asalariadas	Salario medio anual
Tramos de salario	479.849	466.042	477.215	15.594	15.501	15.730	-0,5	0,9
De 0 a 0,5 SMI	86.771	97.973	99.130	1.898	1.804	1.861	14,2	-1,9
De 0,5 a 1 SMI	73.964	71.380	73.553	6.607	6.893	6.953	-0,6	5,2
De 1 a 1,5 SMI	89.738	78.740	82.529	11.036	11.452	11.568	-8,0	4,8
De 1,5 a 2 SMI	74.064	70.751	72.601	15.042	15.696	15.848	-2,0	5,4
De 2 a 2,5 SMI	45.239	44.746	45.048	19.539	20.304	20.514	-0,4	5,0
De 2,5 a 3 SMI	30.265	28.033	28.439	23.813	24.812	25.087	-6,0	5,4
De 3 a 3,5 SMI	20.517	22.920	23.105	28.355	29.473	29.778	12,6	5,0
De 3,5 a 4 SMI	16.301	16.650	16.683	32.651	33.977	34.237	2,3	4,9
De 4 a 4,5 SMI	14.575	13.498	13.747	37.120	38.465	38.827	-5,7	4,6
De 4,5 a 5 SMI	11.932	7.572	7.961	41.281	42.687	43.149	-33,3	4,5
De 5 a 7,5 SMI	12.547	10.854	11.176	50.941	53.832	54.582	-10,9	7,1
De 7,5 a 10 SMI	2.980	2.233	2.474	74.191	76.343	77.273	-17,0	4,2
Máis de 10 SMI	955	692	769	117.678	145.728	169.416	-19,5	44,0

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias. Axencia Tributaria.

No último ano, os ingresos salariais medios das mulleres en Galiza medraron un 1,5%, con respecto a 2009 (0,9%). Isto, en termos nominais. Se temos en conta o aumento dos prezos neste período (un 10,2%), estamos falando dunha perda de poder adquisitivo do 9,3% desde o ano 2009.

O descenso de ingresos, con respecto a 2009, soamente afectou ao grupo de mulleres que percibiron salarios inferiores á metade do Salario Mínimo Interprofesional (SMI), que descende, en termos nominais, un 1,9%. Paralelo a isto, medrou o número de mulleres asalariadas que pertencen a este intervalo de ingresos, concretamente un 14,2%. No ano 2009 eran 86.771 as mulleres que pertencían a este grupo. En 2016 foron 99.130, o 20,7% do total de asalariadas; é o grupo máis numeroso. No ano 2009 pertencían a este grupo o 18% das asalariadas. Trátase do único colectivo que aumentou de peso neste período.

O 20,7% das mulleres asalariadas percibiron uns ingresos inferiores á metade do SMI, menos de 1.804 euros ao ano.

Onde máis descendeu o número de mulleres asalariadas foi no grupo de ingresos superiores a 10 veces o SMI. Aínda que desde o inicio da crise hai un 19,48% menos, os seus ingresos son moi superiores aos do ano 2009, concretamente medran nun 44%.

Como vemos, desde o ano 2009, onde máis medran os ingresos medios é no grupo de maiores ingresos e no único que descendeu é no de menores ingresos. Pola contra, o número de asalariadas onde máis medra é no grupo de menores ingresos e onde máis descende é no de maiores ingresos. A conclusión é clara: forte incremento da polarización do mercado de traballo feminino en Galiza. No ano 2009 os ingresos das mulleres do intervalo superiores a 10 veces o SMI equivalía a 62 mulleres da metade do SMI. No ano 2016 a equivalencia é 1 a 91, é dicir, ingresa o mesmo unha muller que 91. Así as cousas, a desigualdade aumentou en preto de 30 puntos.

Mulleres que acadaron como máximo o SMI foron o 36,2% no ano 2016, mentres que no ano 2009 eran o 32,5%. Así mesmo, aumentou en preto de 4 puntos o número de mulleres que non acadaron o SMI ao longo deste período.

O empeoramento das condicións salariais das mulleres explícase pola deterioración das condicións laborais globais, propiciadas polas últimas reformas laborais, que coa xustificación de crear emprego permitiron unha desarticulación da lexislación laboral que levou a afondar na precarización do mercado de traballo. Forte rotación na contratación, escasa duración dos contratos, aumento da contratación a tempo parcial, a non aplicabilidade de convenios, etc., explican a perda de ingresos salariais descrita con anterioridade.

Antes de analizarmos o resto das condicións das traballadoras, imos comezar pola análise da poboación activa, é dicir, polo número de mulleres que ben teñen unha ocupación ou ben están paradas á espera desta.

Poboación activa

Evolución da poboación activa.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	1.314,80	1.319,50	1.304,40	1.316,60	1.317,70	1.290,90	1.273,90	1.260,70	1.256,10	1.248,00
Homes	725,6	714	705,6	703	700,2	683,1	668,9	661,6	657,8	648,0
Mulleres	589,1	605,4	598,8	613,5	617,5	607,9	605	599,1	598,3	599,9

Fonte: EPA. INE

O gráfico é moi ilustrativo.

Globalmente, a perda de poboación activa foi unha constante ao longo desta travesía de crise que estamos padecendo, mais non afectou ás mulleres. Máis ben ao contrario; de media, en 2017 estímase que hai 10.600 máis mulleres en activo que no ano 2008. Pola súa banda, entre os homes descendeu a poboación activa; concretamente, 77.000 homes activos menos que ao inicio da crise.

Así, as taxas de actividade medias fóronse acercando paulatinamente. No ano 2008 a diferenza entrambos os sexos era de 16,2 puntos. A finais de 2017 reduciuse ata os 8,8 puntos, situándose no 57,9% a taxa masculina e no 49,1% a feminina.

Esta é un dos ratios nos que mellora a comparativa cos homes, mais é debido ao quebranto da situación masculina.

Cando analizamos a evolución da poboación activa feminina por idades, o que nun principio se podería avaliar como positivo, comeza a xerar múltiples dúbidas.

Mulleres en activo. Datos en miles.

	Mulleres			Variación	
	2008	2016	2017	17/16	17/08
Total	589,1	598,3	599,7	1,4	10,6
de 16 a 24 anos	46,3	28,1	28,6	0,5	-17,7
de 25 a 54 anos	472,3	467,7	463,4	-4,3	-8,9
de 55 e máis anos	70,6	102,5	107,7	5,2	37,1

Fonte: EPA. INE

Tanto con respecto a 2016 como a 2008 aumenta a poboación activa feminina. Malia que en conxunto medra, a desagregación por idades mostrar tendencias dispares: entre as menores de 25 anos estímase que se reduciron en 17.700 mulleres con respecto a 2008; tamén entre os 25 e os 54 anos se produciu unha caída. Neste caso afectou a 8.900 mulleres. E só medrou no grupo de máis de 55 anos, entre as que se estiman 37.100 máis, polo que se produce un forte avellentamento da poboación activa feminina neste período. No ano 2008 as mulleres en activo maiores de 55 anos alcanzaban o 12% do total das activas; no ano 2017 son o 18%, 6 puntos máis. Pola contra, as menores de 25 anos pasaron de representar o 7,8% do total ao 4,7%.

No último ano medrou lixeiramente a poboación activa entre as máis novas, 500 máis, pero entre o grupo central, de 25 a 55 anos, continuou a caída, concretamente 4.300 menos, e medrou entre as de máis 55 anos.

Esta caída da poboación activa nova empeorou nos últimos anos ao sumarse aos problemas demográficos que sofre Galiza a emigración, co cal se está a agravar a situación. Se non se toman medidas nesta materia, Galiza ao poucos converterase nun deserto, xa que esta situación ten implicacións máis alá das estritamente laborais. A falta de mulleres novas leva a media prazo a maiores caídas de poboación.

A xeito de resumo, no que atinxe á poboación activa feminina esta incrementouse nestes últimos anos e envelleceu. Moitas das mulleres que se incorporaron neste período á poboación activa fixérono pola necesidade derivada da perda do traballo doutro membro da familia, xa que, ante as necesidades económicas, ser viron obrigadas a buscaren un emprego. Imos ver a continuación como evolucionou a ocupación entre estas mulleres.

Poboación ocupada

Evolución da poboación ocupada. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	1.201,20	1.155,40	1.104,50	1.089,30	1.047,20	1.006,40	998,3	1.017,20	1.040,60	1.052,70
Home	672,3	630,8	602,7	586,6	554,6	530,6	524,3	538,2	549	551,2
Muller	528,9	524,6	501,8	502,7	492,6	475,8	473,7	479	491,7	501,4

Fonte: EPA. INE

Nove anos despois do comezo da crise, e de tres de creación neta de emprego, aínda en Galiza se estima que o número de mulleres ocupadas é inferior á devandita data. Concretamente son 27.500 mulleres ocupadas menos. É certo que a evolución da poboación ocupada masculina é moito peor, xa que aínda existen 121.200 ocupados menos que no ano 2008.

No último ano, entre as mulleres, aumentou o número de ocupadas en 9.70. Entre os homes ese aumento foi de apenas 2.200.

Pola súa parte, a poboación activa feminina medrou en 10.600 persoas desde o ano 2008, pero a ocupación descendeu en 27.500, o que implica que o intento de moitas mulleres de se incorporaren ao mercado de traballo se traduciu en máis paro. De feito, a taxa de ocupación das mulleres descendeu 1 punto neste período: do 42,1% en 2008 ao 41,15% en 2017. Entre os homes este descenso foi de máis de 9 puntos.

Non só non medrou a ocupación, senón que se produciron modificacións importantes entre as mulleres con emprego: avellentamento das ocupadas, aumento das xornadas parciais, contratos temporais, maior rotación do emprego, etc.

Para estas análises só dispomos de datos a partir do terceiro trimestre do ano 2009, e esta é polo tanto a referencia que imos utilizar. Comezamos pola idade.

Ocupadas segundo grupo de idade

	Mulleres			Variación	
	2009/III	2016	2017	17/16	17/09
Total	523,1	491,7	501,4	9,7	-21,7
De 16 a 24 anos	33,8	16,4	19,2	2,8	-14,6
De 25 a 34 anos	148,2	97,4	93,7	-3,7	-54,5
De 35 a 44 anos	150,8	154,2	153,8	-0,4	3
De 45 a 54 anos	118	132,4	139,5	7,1	21,5
De 55 e máis anos	72,3	91,3	95,3	4	23

Fonte: EPA. INE

Desde o ano 2008 todo o emprego que se destruíu foi entre as menores de 35 anos. En concreto, 69.100 mulleres ocupadas menos. Pola contra, a partir desta idade medrou a ocupación, 24.500 ocupadas máis. E non só minorou a ocupación, senón que se avellentou. No ano 2009 o 34,7% das ocupadas en Galiza tiña menos de 35 anos; en 2017 soamente son o 22,5% as menores desta idade, 12,2 puntos menos.

O 46,8% das mulleres ocupadas en Galiza ten máis de 45 anos.

Pola contra, as maiores de 45 anos pasaron do 36,3% ao 46,8% de taxa de ocupación, máis de 10 puntos superior a 2009. Deste datos tírase que preto do 50% das mulleres con emprego en Galiza teñen máis de 45 anos.

No último ano medrou lixeiramente a ocupación feminina, un 1,9%, o que en termos absolutos equivale a 9.700 empregadas. Entre as menores de 24 estímase que medrou a ocupación en 2.800 mulleres, pero onde máis se incrementou foi entre as maiores de 45 anos, con 7.100 ocupadas máis.

Non só se perdeu emprego, senón que se reduciron os postos de traballo nas actividades con mellores salarios e aumentaron nas peor remuneradas, en concreto en servizos persoais e de lecer (basicamente en coidados a dependentes). A conxunción destes dous factores levou a moitas, as máis novas, a optaren pola emigración como única saída laboral. Son mulleres, maioritariamente, cun bo nivel de formación que, ante a imposibilidade de se desenvolveren profesionalmente aquí, optaron pola emigración.

O forte peso e medre dos traballos a xornada parcial entre as mulleres, ante a posibilidade de conseguilos a xornada completa, é outro factor de desánimo que contribúe, nalgúns casos, ao abandono de Galiza.

No ano 2017 o 21,8% das mulleres traballaron a xornada parcial, fronte a un 6% no caso dos homes.

Mulleres ocupadas segundo tipo de xornada. Datos en miles

	Mulleres			Variación	
	2009/III	2016	2017	17/16	17/09
Total	523,1	491,7	501,4	9,7	-21,7
Completa	427,5	383,1	391,7	8,6	-35,8
Parcial	95,6	108,6	109,7	1,1	14,1

Fonte: EPA. INE

No último ano medraron en maior medida as mulleres traballadores a xornada completa que as a tempo parcial (8.600 e 1.100 respectivamente), pero apenas se mitigou a tendencia destes últimos anos, que rexistra, desde o ano 2009, 35.800 mulleres menos con traballos a xornada completa, e 14.100 máis con xornadas parciais.

Así, se no ano 2009 o número de traballadoras a tempo parcial representaba o 18,2% do total, en 2017 acadouse o 21,8%. No caso dos homes, soamente o 6% traballou a xornada parcial durante o ano 2017.

O 60% das traballadoras con xornadas parciais alegan non atopar outro traballo a xornada completa.

Xunto ao aumento das xornadas parciais, tamén medrou a temporalidade na contratación. Tal e como amosan os datos do cadro seguinte, no volume global de contratación apenas se deixou sentir a crise; só nos 3 primeiros anos, pero xa a partir de 2012 a contratación comezou a incrementarse de maneira exponencial; non así a contratación indefinida.

A taxa de temporalidade feminina situouse no 28,7% no ano 2017; entre o homes foi do 25,2%.

Contratos a mulleres

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	383.712	332.891	326.719	326.766	352.220	334.166	368.872	414.282	450.596	486.826
Indefinidos	38.652	30.307	27.223	23.817	47.528	26.196	29.253	30.334	33.387	38.158
Temporais	345.060	302.584	299.496	302.949	304.692	307.970	339.619	383.948	417.209	448.668

Fonte: SEPE

A pesar de descender o número de mulleres ocupadas, o número de contratos continuou sendo moi elevado durante todos os anos da crise, especialmente a contratación temporal. No último ano (2017), rexistráronse 486.826 contratos, o 92% baixo algunha das modalidades de contratación temporal. Foron 448.668 os contratos temporais rexistrados a nome de mulleres durante 2017, contratos que compartiron as 117.500 asalariadas que non dispoñen dun contrato indefinido, o que dá unha media de 3,8 contratos a cada muller. Loxicamente isto explícase pola escasa duración destes contratos.

Cada muller con contrato temporal asinou unha media de 3,8 contratos durante 2017

Contratos segundo duración do contrato.

Total	484.262	
Indefinidos	22.909	4,7
Temporais	461.353	95,3
Menos de 1 semana	160.956	34,9
De 1 semana a 1	58.467	12,7

mes		
De 1 a 6 meses	87.735	19,0
De 6 meses a 1 ano	11.942	2,6
Máis de 1 ano	1.633	0,4
Indeterminado	140.620	30,5

Fonte: SEPE.

O 34,9% dos contratos temporais tiveron unha duración inferior á semana. Se ampliamos o prazo ata o mes, alcanza ao 47,6% dos contratos, isto sen ter en conta que o 30,5% non se sabe a priori a duración destes, dado que son duración indeterminada, senón probabelmente as porcentaxes anteriores serían moi superiores.

O 35% dos contratos rexistrados a nome de mulleres no ano 2017 duraron menos dunha semana

Esta elevada rotación do emprego e escasa duración dos contratos explica, en parte, os baixos ingresos dunha parte moi elevada da poboación ocupada feminina, que sinalabamos ao inicio deste informe.

Falta, nesta análise, a poboación que non ten emprego.

Poboación parada

Poboación parada. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Homes	53,4	83,2	103	116,4	145,6	152,5	144,6	123,4	108,8	97,3
Mulleres	60,2	80,9	96,9	110,8	124,9	132,1	131,2	120	106,6	98,3
Total	113,6	164,1	199,9	227,2	270,5	284,6	275,8	243,4	215,4	195,6

Fonte: EPA. INE

No último ano reduciuse a poboación parada en 19.800 persoas, das cales 8.300 foron mulleres e 11.500 homes. Con respecto ao ano 2008 aínda se estiman 82.000 persoas paradas máis, das cales 31.100 son mulleres.

Ao longo do período, tal e como se ve no gráfico, o paro masculino medrou en maior medida que o feminino, superando a este amplamente nos anos centrais da crise. Dende que se volveu a crear emprego, o paro descendeu moito máis entre os homes, ata este último ano onde o número de mulleres en paro volve superar o de homes.

Aínda que o paro descendeu nestes dous últimos anos, mantense moi elevado. Así, son 98.300 as mulleres que permanecen paradas no ano 2017, e o 40% destas leva máis de 2 anos nesa situación.

O 40% das mulleres paradas levan máis de 2 anos a procura de emprego

Paradas segundo tempo a procura de emprego.

	Mulleres		
	2009/III Galiza	2016 Galiza	2017 Galiza
Total	79,5	106,6	98,3
Menos de 1 mes	6,5	5,1	5
De 1 a < 3 meses	12	11,7	11,2
De 3 a < 6 meses	11	9,5	10,2
De 6 meses a < 1 ano	15,9	12,8	10,6
De 1 ano a < 1 ano e medio	8,2	9	8,6
De 1 ano e medio a < 2 anos	5,1	7,1	5,7
Dous ou mais anos	15	45,7	40
Xa atopou traballo	5,7	5,6	6,9

Fonte: EPA. INE

No ano 2009 as paradas de longa duración representaban o 18,8%.

A medida que aumenta a tempo á procura dun emprego, vanse reducindo as posibilidades de dispor dalgún tipo de prestación, e polo tanto a taxa de cobertura das persoas desempregadas vai descendendo.

No ano 2017, apenas 47% das mulleres paradas en Galiza percibía algún tipo de prestación. No caso dos homes era o 57,8%. Isto, a pesar de nos períodos máis álxidos da crise o paro masculino superaba altamente o feminino. A esta forte fenda non só contribúe o maior número de mulleres paradas de longa duración, senón tamén a elevada rotación e escasa duración dos contratos, o que leva a que se necesite máis tempo para adquirir os requisitos mínimos que dan dereito á prestación.

Esta precariedade no emprego ten implicacións unha vez rematada a vida laboral, xa que condiciona de por vida os ingresos das persoas inactivas, das pensionistas e xubiladas.

Pensionistas

Número e importe medio das persoas pensionistas. Datos 2016

	Número		Importe medio (euros)		Fenda pensións
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
	2016				
Total	351.638	404.955	958,03	605,45	63,2
Incapacidade permanente	46.518	22.846	881,82	719,52	81,6
Xubilación	271.375	198.862	1.041,41	646,76	62,1
Viuvez	18.920	168.051	399,72	559,55	140,0
Orfandade	12.679	11.211	370,99	369,55	99,6
Favor familiares	2.146	3.985	456,6	489,71	107,3

Fonte: IGE.

A diferenza media entre as pensións das mulleres e as dos homes foi de 352,58 euros no ano 2016, último do que se teñen datos, o que implica unha fenda do 36,8%. No ano 2008 a fenda das pensións era de 35,4 puntos.

A fenda das pensións é do 35,4%

Se analizamos por tipo de pensión, o abano é inmenso. A maior fenda xéрана as pensión de xubilación (37,9%), 394,65 euros menos brutos ao mes, Pola contra, nas pensións de viuvez son un 40% máis altas as das mulleres, o cal é lóxico ao ser as bases de cotización dos homes a base de cálculo destas, e ao teren unhas bases de cotización máis altas xeran pensións maiores e as mulleres ao teren unhas bases menores xeran pensión máis baixas.

En canto ás de orfandade e a favor de familiares, ao tratarse de cantidades fixas, só varían en función do número de membros, polo que apenas se dan diferenzas.

A estas pensións tan baixas e tan distintas ás dos homes chégase logo de anos con bases de cotización máis baixos e cun menor número de anos cotizados.

Bases de cotización media segundo sexo.

Bases de cotización	Media			% muller/ home
	Total	Homes	Mulleres	
2015				
Total	1.499	1.662	1.341	80,7
De 16 a 24 anos	841	938	738	78,7
De 25 a 34 anos	1.285	1.390	1.194	85,9
De 35 a 44 anos	1.577	1.750	1.417	81,0
De 45 a 54 anos	1.657	1.866	1.442	77,3
De 55 a 64 anos	1.787	1.961	1.594	81,3
65 ou máis anos	1.585	1.721	1.393	80,9

Fonte: IGE. Pensións e outras prestacións.

No que atinxe estritamente ás bases de cotización, a diferenza entre homes e mulleres é de preto do 20% de media, e o que é máis grave, é esta diferenza é superior nas de menor idade.

As bases de cotización das menores de 24 anos son un 21,3% inferiores ás dos homes da mesma idade, o que pon en cuestión que as diferenzas se estean a reducir na actualidade. Nas máis novas, incluso os niveis de formación son maiores que os dos seus homólogos da mesma idade, en cambio non parece que isto estea a repercutir nos salarios e polo tanto nas bases de cotización.

As menores diferenzas prodúcense entre os/as persoas de 25 a 34 anos.

Non só son menores as bases de cotización, senón que se cotiza menos anos no caso das mulleres.

Anos cotizados segundo sexo e idade.

	2015			
	Total	Homes	Mulleres	Mulleres-homes
Menor de 25 anos	1,3	1,4	1,2	-0,2
De 25 a 34 anos	6,16	6,66	5,65	-1,01
De 35 a 44 anos	13,34	14,51	12,07	-2,44
De 45 a 54 anos	19,94	22,48	17,1	-5,38
De 55 a 64 anos	26,97	30,98	22,64	-8,34
máis de 65	28,4	33,7	22,8	-10,9

Fonte: IGE. Mostra continúa de vidas laborais.

Xa entre as máis novas, con pouco máis dun ano cotizado á Seguridade social, se rexistran diferenzas. Con menos de 25 anos as mulleres teñen de media 1 ano e 2 meses cotizados, fronte aos homes da mesma idade, con 1 ano e 4 meses cotizados.

A medida que aumenta a idade, medran as diferenzas nos anos de cotización, ata chegar ás de maior idade, en que esta diferenza é de preto de 11 anos, concretamente 10 anos e 9 meses.

Condicións laborais máis adversas: maiores xornadas parciais, maior proporción de contratos temporais, maior rotación no emprego, maiores lagoas de cotización debido á dedicación ás persoas dependentes, etc., fan que ao longo da vida laboral se vaian incrementando as diferenzas dos anos e das contías de cotización. E así cando chega a idade de xubilación, de media, unha muller de 65 anos ten apenas 22,8 anos cotizados fronte aos 33,7 anos cotizados dos homes. A combinación de todos estes factores leva á enorme fenda entre pensionistas de distinto sexo.

Por todos estes motivos, desde a CIG facemos un chamamento a suspender todo tipo de actividade durante as tres quendas de traballo do día 8 de marzo, de 0 a 2 da madrugada, de 12 a 14 horas e de 19:30 a 21:30 horas, dando cobertura legal

a todas as traballadoras galegas de todos os sectores produtivos e de todos os centros de traballo, para participarmos neste día de protesta, reivindicación e mobilización, facendo folga no traballo asalariado, folga de consumo, folga de brazos cruzados nas tarefas de coidado, boicot ás empresas con publicidade ou reclamo sexista, e a mobilizarse participando de xeito activo na xornada, concienciando do traballo que facemos as mulleres na esfera produtiva e reprodutiva, que o noso papel na sociedade non é subsidiario, que somos a metade de Galiza, a metade do mundo. Imos demostrar que o mundo non xira igual se paramos as mulleres. Sóbrannos razóns para irmos á folga.